

Fragas do Mandeo

Balance económico e de xestión

Exercicio 2011

O día 6 de xullo de 2010 constituíuse Fragas do Mandeo como entidade de custodia do territorio con fins de conservación da natureza da comarca de As Mariñas. Rematado o segundo ano natural, publica este informe seguindo a política de transparencia nas contas e na xestión.

Balance de xestión

O segundo exercicio da entidade estivo centrado na difusión da súa actividade e obxectivos, e na divulgación da custodia do territorio como instrumento xurídico para a conservación da natureza.

Como primeira medida, se potenciou a páxina web incrementando a cantidade e a calidade dos contidos.

Para chegar a un público máis amplo, se fixo unha campaña de publicidade mediante a edición dun folleto no que se presentaba a Fragas do Mandeo, se amosaban as distintas maneiras en que os cidadáns poden colaborar coa entidade e se explicaba en que consiste a custodia do territorio.

Se iniciaron contactos coas asociacións locais para que apoiaran economicamente e con voluntarios á entidade.

Se realizaron tres mesas informativas e rastrillos solidarios como medio de ter presenza na rúa difundindo os obxectivos da entidade, e co obxecto de lograr fondos económicos.

O patrimonio inmobiliario non se veu alterado. Pola contra, o activo circulante incrementouse nun 72% , cando o ano anterior foi do 16%.

Dotación fundacional

A dotación fundacional segue a estar formada polas mesmas fincas que o ano anterior, que totalizan 4.416 m², pois a fin de ano non se logrou materializar a adquisición das fincas que se estiveron negociando cos titulares.

No tocante a importe dinerario, este se incrementou en 2.516,93 euros, totalizando a fin de ano os 6.009,64 euros.

Ingresos

A campaña de captación de novos doadores non deu os froitos esperados, posiblemente a causa da situación económica xeral. No lado positivo, se pode apuntar que tódolos doadores do ano 2010 repetiron –e incluso incrementaron a cantidade das súas achegas– no ano 2011.

As doazóns de particulares sumaron un importe de 1.664 euros, correspondentes a ingresos efectuados por 12 doadores, cunha media de 139 euros. A esta cifra se engaden os donativos das mesas e rastrillos que sumaron 1.516,52 euros. Tres asociacións fixeron doazóns totalizando 520 euros, cun importe medio de 173 euros. Non se recibiu ningún tipo de subvención ou doazón governamental.

Por tanto, os ingresos a final de ano foron un 547% superiores ó ano precedente (274% se extrapolamos os datos para ter en conta que ese exercicio durou 6 meses), supoñendo un incremento do 106% dos recursos económicos con que se acabou o ano anterior.

Ingresos	Ano 2011	Ano 2010
Doazóns de particulares	1.664,00	676,00
Donativos mesas	1.516,52	0,00
Doazón da A. C. O Rabo do Galo	300,00	0,00
Doazón da A. C. Lar de Unta	120,00	0,00
Doazón da SGHN - Sec. Astronomía	100,00	0,00
Xuros bancarios	0,06	0,12
Total (euros)	3.700,58	676,12

Gastos


Os reducidos gastos xerais da entidade veñen motivados pola xenerosidade dos voluntarios. Así, os gastos de local, auga, electricidade, limpeza, mantemento, ADSL, quilometraxe, equipamento informático ou funxibles contabilizáronse como nulos. Do mesmo xeito, o deseño e a programación da web (valorados en 7.328 euros), os contidos da web e as súas traducións (valorados en 10.235 euros, desprazamentos, administración e trámites oficiais tiveron custo cero para a entidade.

Os gastos totalizaron un 32% dos ingresos do ano. Esta elevada porcentaxe ven motivada fundamentalmente polo gasto da campaña de publicidade (17% dos ingresos), que acaprou a metade do total dos gastos. Esta campaña estivo xustificada na necesidade de presentar publicamente á entidade,


por se-lo primeiro exercicio de operación normal da entidade (o ano anterior dedicouse fundamentalmente a infraestrutura e procesos administrativos).

Gastos	Ano 2011	Ano 2010
Publicidade	631,83	0,00
Telefonía	348,01	108,04
Aloxamento e dominios de Internet	66,43	56,40
Papelería	39,92	6,63
Gastos varios	38,90	0,00
Comisións bancarias	34,30	12,34
Taxas	24,26	0,00
Total (euros)	1.183,65	183,41

Gastos do ano 2011



Gastos do ano 2010



Difusión da entidade

A difusión da entidade a través de Internet seguiu sendo o principal recurso, por ser un medio con custos reducidos. Ó longo do ano se publicaron 20 entradas na sección de noticias. A través dela se anunciaron as actividades programadas e a participación da entidade en diversos foros. Se lle deu un gran pulo ós contidos que informan sobre os valores naturais da bisbarra. A final de ano, se contabilizaron 9.658 visitas realizadas por 5.585 visitantes distintos, cun total de 41.885 páxinas servidas. A media mensual de visitantes distintos foi de 465 persoas. O posicionamento da web de Fragas do Mandeo nos buscadores segue a ser óptimo, aínda que mellorable cando se buscan termos relacionados coa súa actividade.

A presenza dos medios consistiu nunha entrevista para un programa de Televisión de Galicia, emitida o día 11 de xaneiro, e en varias aparicións na prensa. O diario *La Voz de Galicia* publicou o día 8 de marzo un artigo no que a entidade se poñía como exemplo da preocupación pola conservación dos bosques. No número de maio da revista *As 4 Aldeas* se publicou un artigo referido á súa actividade. O diario *Betanzos e a súa comarca* publicou un extenso artigo na súa edición de xullo, con motivo da

presentación pública da entidade. Por último, en setembro publicouse no boletín *A Mobella* do Grupo Naturalista Hábitat un resumo da súa actividade.

O día 1 de xullo se fixo unha presentación pública co balance de actividade dos primeiros 12 meses de funcionamento. Contou cunha asistencia estimada en 50 persoas.

Como maneira de aumenta-la presenza pública da entidade e difundir-la necesidade da práctica da custodia do territorio con fins de conservación na bisbarra, un monitor de Fragas do Mandeo participou en saídas ó campo organizadas pola SGHN (río Cambás no mes de xullo) e a asociación Roxín Ro-xal (río Fervenzas en setembro e río Mendo en outubro), que contaron cunha nutrida asistencia.

Promoción da custodia

A promoción e difusión da custodia do territorio fíxose principalmente a través da participación en diversos eventos: VII Mesa da Auga do Aqua Plann Project (Life+), I Xornada de Traballo sobre Custodia do Territorio en Galicia (que organizou a entidade), I Encontro Galego de Custodia do Territorio, mesa redonda da oitava edición da Feira Ecolóxica Terractiva, así como na presentación pública da entidade e a través dos medios de comunicación.

Os contactos con outras entidades de custodia galegas, levou a participar na formación da Agrupación Galega de Entidades de Custodia do Territorio, que funciona como rede de entidades de custodia en Galicia. Esta agrupación participou na creación do Foro Estatal de Custodia do Territorio, que conforma unha rede de redes autonómicas para representalas ante o Goberno estatal.

Se atendeu unha consulta telefónica dunha asociación interesada en coñecer este instrumento xurídico e como formalizar unha entidade de custodia no sur de Lugo.

Na páxina web seguen a manterse documentos e información actualizada relacionada coa custodia do territorio, aparte das noticias ó respecto, de maneira que o público poida informarse e resolver-las súas dúbidas ó respecto.

Adquisición de fincas

As negociacións para a adquisición de fincas precisaron de moita dedicación, pero non se logrou a materialización de ningunha adquisición. No lado positivo, este traballo permitiu contactar cos propietarios de fincas en catro puntos da bisbarra de alto valor ambiental, e dotarnos dun amplo coñecemento da titularidade das fincas. Estas negociacións seguen abertas, á espera de que no ano 2012 poidan concretarse.

Mantemento de propiedades

Visitáronse periodicamente as fincas custodiadas, totalizando no ano 9 visitas. O observatorio ornitolóxico, situado nunha delas, limpouse en cada unha destas visitas. No interior púxose a disposición do público información ornitolóxica actualizada e sobre a historia e importancia ambiental da lagoa.

Voluntariado

Malia non ter feito campaña de comunicación específica deste capítulo, a entidade contou con suficiente voluntariado. Acaba o ano con 32 voluntarios, o apoio de catro asociacións e a colaboración da empresa CPR Gestión nas tarefas de administración. O número de horas dedicadas polo voluntariado equivale a 153 xornadas laborais de 8 horas.

Política lingüística

O idioma de uso habitual na entidade é o galego. Seguindo a política de non discriminación lingüística, os doadores e mailos voluntarios poden escolle-lo idioma de relación coa entidade.

O usuario da web da entidade pode escoller entre catro idiomas (galego, castelán, inglés e alemán). Tódalas páxinas da web están traducidas do galego ó castelán no momento da súa publicación. As traducións ó inglés e ó alemán van avanzando ó ritmo que poden os tradutores voluntarios, superando ó final do ano a metade dos contidos. Do mesmo xeito, están pendentes de tradución os documentos propios en formato PDF.

Política de xénero

A pesares de non existir actitudes ou políticas discriminatorias, aparecen certas diferenzas nas estatísticas por xénero. Os representantes no padroado seguen a ser todos homes, pois non se renovou a súa composición. No voluntariado a relación é de 1,3 homes por cada muller.

Pola contra, entre os doadores directos a relación foi equilibrada (exactamente o 50%). A diferenza radica en que as doazóns das mulleres superan nun 12% ás dos homes, aparte de te-lo seu importe unha distribución máis homoxénea (no caso dos homes danse os importes máis baixos, compensados por algúns importes altos).

Planificación para o ano 2012

O padroado da entidade ten previsto centrarse no ano 2012 nas seguintes liñas de actuación:

- Adquisición das primeiras fincas nalgunha das catro zonas de alto valor ecolóxico nas ribeiras do ríos Mandeo e Mendo, nos concello de Aranga, Coirós e Oza dos Ríos, para o que se aprobou destina-los 2/3 do importe dos recursos dinerarios (4.006 euros).
- Mantemento do observatorio e das fincas de Sobrado dos Monxes.
- Realización de varias actividades de educación ambiental e de voluntariado no medio ambiente, para a eliminación de especies de flora exótica invasora e recollida de lixo.
- Promoción da custodia do territorio en Galicia, mediante a realización de xornadas ou encontros que poidan seren sufragados con fondos alleos á entidade; mediante a participación na Agrupación Galega de Entidades de Custodia; e mediante a súa difusión na páxina web da entidade.

Aplicación dos principios de transparencia e boas prácticas

Dende o seu nacemento, Fragas do Mandeo ten a vontade de segui-los principios de transparencia e boas prácticas recomendados pola Fundación Lealtad, como mecanismo para garantir que se dea resposta ás demandas de información da sociedade.

1. Principio de Funcionamento e Regulación do Órgano de Goberno

- A. *“El órgano de gobierno estará constituido por un mínimo de 5 miembros.”*

Tal como regulan os estatutos, o padroado está composto por tres membros, en representación das tres entidades que participaron na creación de Fragas do Mandeo. Aínda que a recomendación é que debe estar constituído por un mínimo de 5 membros, considérase que o modesto tamaño da entidade non require máis membros dos que ten. Asemade, dado o seu carácter de representantes de entidades, significa a existencia dun segundo nivel de control da súa xestión.

- B. *“El órgano de gobierno se reunirá al menos 2 veces al año con la asistencia física o por videoconferencia de más del 50% de los miembros del órgano de gobierno.”*

O padroado reuniuse en xunta de goberno 10 veces no ano 2011, participando presencialmente tódolos seus membros, ós que se sumaron os voluntarios máis activos (con voz pero, obviamente, sen voto). Adicionalmente, realizáronse outras reunións presenciais, e contactos permanentes por vía telemática.

- C. *“Todos los miembros del órgano de gobierno asistirán en persona o por videoconferencia, al menos, a una reunión al año.”*

Como se indica no punto B, tódolos membros do goberno asistiron presencialmente ás reunións máis dunha vez no semestre.

- D. *“Respecto a los miembros del órgano de gobierno, serán públicos los nombres, profesión, cargos públicos y relación de parentesco y afinidad con otros miembros del órgano de gobierno y con el equipo directivo de la organización. Será público el currículum vitae de los miembros del equipo directivo. La organización hará públicas las relaciones que existen entre miembros del órgano de gobierno y los proveedores y co-organizadores de la actividad.”*

O nome, profesión e currículo dos membros do padroado están publicados na web. Non teñen relacións de parentesco entre si ou con provedores e co-organizadores. Un dos membros do padroado saíu elixido concelleiro nas eleccións municipais de maio; aínda que este cargo público é compatible coa súa función no padroado, solicitou a súa substitución. A persoa elixida para substituílo estivo asumindo progresivamente un maior compromiso coa entidade e se esperou á renovación natural do padroado para ratificar a substitución.

- E. *“Sólo un número limitado de los miembros del órgano de gobierno podrá recibir ingresos de cualquier tipo, procedentes tanto de la propia organización como de otras entidades vinculadas. Este porcentaje será inferior al 40% de los miembros.”*

Ningún membro do padroado ou do voluntariado percibe ingresos da entidade, directa ou indirectamente.

- F. *“Los miembros del órgano de gobierno se renovarán con cierta regularidad.”*

Os estatutos contemplan a renovación periódica do órgano de goberno.

- G. *“Existirán mecanismos aprobados por el órgano de gobierno que eviten situaciones de conflicto de interés en el seno del órgano de gobierno. Estos mecanismos serán públicos.”*

Están pendentes de elaborar os mecanismos de resolución dos conflitos de intereses no órgano de goberno.

2. Principio de Claridade e Publicidade do Fin Social

- A. *“El fin social estará bien definido. Deberá identificar u orientar sobre su campo de actividad y el público al que se dirige.”*

O fin social está definido no artigo 6 dos estatutos, e o público ó que se dirixe no artigo 11. Na páxina web explícanse en detalle, estando tamén dispoñible na mesma o texto íntegro dos estatutos.

- B. *“Todas las actividades que realice la organización estarán encaminadas a la consecución del fin social, de modo que la organización no lleve a cabo actividades que no estén explícitamente contempladas en sus Estatutos.”*

Tódalas actividades realizadas e programadas están contempladas no artigo 7 dos estatutos.

- C. *“El fin social será conocido por todos los miembros de la organización, incluidos los voluntarios y será de fácil acceso para el público.”*

Tódolos membros da organización, padroado e voluntarios, coñecen en detalle os seus fins sociais. O público ten acceso a eles na web da entidade.

3. Principio de Planificación e Seguimento da Actividade

- A. *“Existirá un plan estratégico o un plan anual que englobe toda la organización con objetivos cuantificables, cronograma y responsables. Serán públicos los objetivos relacionados con el área de proyectos.”*

Durante o ano 2011 seguiuuse o plan de actuación correspondente. Para o seguinte exercicio elaborouse un plan de actuación do ano 2012, onde se detallan datas e actividades, entregado á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia. A información sobre as actividades e as datas de realización vanse publicando na web segundo vai concretándose a súa organización. Existe unha páxina específica na web respecto á campaña en marcha para a adquisición de fincas na zona prioritaria, no río Mendo, cos seus obxectivos e localización.

- B. *“La planificación tendrá que estar aprobada por el órgano de gobierno.”*

O plan de actuación foi aprobado por unanimidade polo padroado.

- C. *“Durante los últimos tres años, los programas habrán seguido una línea de trabajo específica.”*

Estase a segui-la mesma liña de traballo dende a creación da entidade.

- D. *“Contarán con sistemas formalmente definidos de control y de seguimiento interno de la actividad y de los beneficiarios. Estos estarán aprobados por el órgano de gobierno.”*

Os sistemas de control e seguimento están pendentes de redactar.

- E. *“La organización elaborará informes de seguimiento y finales justificativos de los proyectos que estarán a disposición de los financiadores.”*

Os informes de seguimento e de finalización da campaña para a adquisición de fincas serán elaborados no momento da súa conclusión.

- F. *“La organización contará con criterios y procesos de selección de proyectos y contrapartes aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de elaborar.

4. Principio de Comunicación e Imaxe Fiel na Información

- A. *“Las campañas de publicidad, captación de fondos e información pública reflejarán de manera fiel los objetivos y la realidad de la organización y no inducirán a error.”*

A web da entidade recolle fielmente toda a información existente. O folleto impreso para a campaña de publicidade e captación de fondos recolle información clara e fidedigna.

- B. *“Al menos una vez al año se informará a los donantes y colaboradores sobre las actividades de la organización.”*

Os doadores e colaboradores recibiron información periódica por correo electrónico, publicándose no boletín dunha das asociacións colaboradoras un artigo redactado pola entidade e noutra se informou mediante reunión a súa directiva.

- C. *“Son requisitos para llevar a cabo la comunicación de forma eficiente contar con correo electrónico institucional y página web propia en funcionamiento, con información de todas las actividades de la organización y actualizada al menos una vez al año.”*

A entidade conta con páxina web permanentemente actualizada, e enderezo electrónico xestionado diariamente.

- D. *“La organización pondrá a disposición de quien lo solicite la memoria anual de actividades y la memoria económica anual. La memoria anual de actividades y los estados financieros con su correspondiente informe de auditoría serán accesibles a través de la web.”*

O presente *Informe 2011. Balance económico e de xestión* está publicado na web e accesible para todo o público. Non se ten feito a auditoría externa das contas polo seu reducido volume e custo aparelado.

5. Principio de Transparencia no Financiamento

- A. *“Las actividades de captación de fondos privados y públicos, su coste y su recaudación anual (donaciones, socios y otras colaboraciones) serán públicos.”*

O balance de doazóns e a súa procedencia están recollidas neste informe. A única campaña de captación de fondos foi a impresión dun folleto e a edición dun roll-up, cun custo total de 631,83 euros.

- B. *“Serán públicos los fondos recaudados con detalle de los principales financiadores, tanto públicos como privados, y las cantidades aportadas por los mismos.”*

Os fondos recadados están publicados neste informe, así como o nome das asociacións que fixeron doazóns. Os principais doadores particulares desexan manter en reserva o seu nome, dereito que recolle a Lei de Protección de Datos.

- C. *“Será conocida la imputación de los fondos recaudados a la actividad de cada año, debidamente documentada.”*

No apartado económico deste informe detállase o destino dos fondos.

- D. *“En caso de solicitar datos personales, la organización incluirá en sus soportes de recogida de datos la información pertinente según la legislación vigente en materia de datos personales. La organización tendrá registrados sus archivos de socios y donantes particulares en la Agencia de Protección de Datos.”*

Está pendente de dar de alta o ficheiro de datos de doadores e voluntarios na Axencia de Protección de Datos. Na súa recollida infórmase dos dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición que outorga a lei.

- E. *“Existirán criterios de selección de empresas y entidades colaboradoras aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de redactar.

- F. *“Los acuerdos de cesión del logotipo de la entidad a empresas e instituciones deberán estar formalizados por escrito. Las cláusulas de cesión del logotipo no serán confidenciales.”*

Non se cedeu o uso do logotipo a terceiros.

6. Principio de Pluralidade no Financiamento

- A. *“La organización deberá diversificar su financiación con fondos públicos y privados. En ningún caso los ingresos privados serán inferiores al 10% de los ingresos totales.”*

Tódolos ingresos da entidade foron privados, polo que non existe dependencia dos fondos públicos.

- B. *“La organización contará con una variedad de financiadores externos que favorezca la continuidad de su actividad. Ninguno de ellos aportará más del 50% de los ingresos totales de la organización de forma continuada durante los dos últimos años.”*

Ningún dos doadores ten achegado máis do 50% dos ingresos. A doazón particular de maior importe supuxo o 8% do total dos ingresos do ano; a doazón de entidade de maior importe supuxo tamén o 8% do total.

7. Principio de Control na Utilización de Fondos

- A. *“Será conocida la distribución de los gastos de funcionamiento agrupados en las categorías de Captación de Fondos, Programas-Actividad y Gestión-Administración. Será además conocido el destino de los fondos desglosado por cada proyecto y línea de actividad de la organización.”*

O balance económico do presente informe detalla cada un dos apartados de gastos.

- B. *“Existirá un detalle de los principales proveedores y co-organizadores de la actividad. La organización contará con una Política de Aprobación de Gastos, así como criterios de selección de proveedores aprobados por el órgano de gobierno.”*

O baixo nivel de contratación da entidade fixo innecesario establecer unha política de aprobación de gastos e selección de provedores.

- C. *“La organización deberá preparar un presupuesto anual para el año siguiente con la correspondiente memoria explicativa y practicar la liquidación del presupuesto de ingresos y gastos del año anterior. El presupuesto y la liquidación estarán aprobados por el órgano de gobierno y serán públicos.”*

O padroado aprobou en reunión da xunta de goberno as contas do ano 2011, resumidas neste documento, e o presuposto para o ano 2012, que tamén se recolle nel.

- D. *“La organización no contará con recursos disponibles excesivos en los dos últimos años.”*

Non aplicable, por se-la entidade de recente creación (non se teñen completados dous anos). Por outra banda, non se logrou destinar os recursos económicos dispoñibles para a adquisición de fincas pola demora nas negociacións cos titulares das parcelas.

- E. *“La organización no presentará una estructura financiera desequilibrada de forma continuada en los últimos tres años.”*

A estrutura financeira é equilibrada, estando ausentes os compromisos financeiros.

- F. *“Las inversiones deberán cumplir unos requisitos de prudencia razonable.”*

Non se teñen feito inversións financeiras no presente ano, nin están previstas para os próximos.

- G. *“En el caso de contar con inversiones financieras, la organización contará con unas normas de inversión aprobadas por el órgano de gobierno.”*

Non se conta con inversións financeiras, nin están previstas.

- H. *“Las inversiones en sociedades no cotizadas estarán relacionadas y ayudarán directamente a la consecución del fin social.”*

Non se teñen realizado inversións en sociedades, nin están previstas.

- I. *“La organización respetará la voluntad de los donantes y se establecerán sistemas de seguimiento de fondos dirigidos. Los fondos procedentes de apadrinamiento se considerarán fondos dirigidos.”*

No ano 2011 a entidade non ofreceu a posibilidade de fondos dirixidos nin de apadrina-mentos, dado que a súa misión é moi concreta e local. Os doadores teñen forma de saber con anticipación en que van investirse as súas achegas, por estar explicado na web da entidade.

8. Principio de Presentación das Contas Anuais e Cumprimento das Obrigas Legais

- A. *“La organización acreditará el cumplimiento de las obligaciones legales ante la Administración Tributaria, Seguridad Social y Protectorado o Registro correspondiente.”*

A entidade está exenta do Imposto de Sociedades, remitiu os certificados de doazóns ós doadores, non ten obrigas coa Seguridade Social por non ter empregados, ten entregada a documentación requirida ó protectorado da Xunta de Galicia e conta co certificado de rexistro.

- B. *“La organización elaborará las cuentas anuales de acuerdo con el Plan General de Contabilidad de Entidades sin Fines Lucrativos que serán sometidas a auditoría externa y aprobadas por la Asamblea General o el Patronato.”*

A entidade ten elaborada-las contas segundo o Plan Xeral de Contabilidade de Entidades sen fins Lucrativos, anexas a este informe, aprobadas polo padroado. Non se ten feito auditoría externa por redución de custos e baixo nivel de operacións.

9. Principio de Promoción do Voluntariado

- A. *“La organización promoverá la participación de voluntarios en sus actividades.”*

O ano 2011 estivo centrado na difusión da entidade e nas campañas de captación. O número de voluntarios se incrementou nun 267% até chegar ó número de 32 persoas, a pesares do número limitado de actividades abertas á participación do público en xeral que se puideron organizar. As horas de traballo voluntario contabilizan 153 xornadas laborais completas (8 horas).

- B. *“Estarán definidas aquellas actividades que están abiertas a ser desarrolladas por voluntarios. El documento en el que se recojan dichas actividades será público.”*

As actividades nas que puido participa-lo voluntariado foron publicadas na web segundo se foi concretando a súa programación.

- C. *“Se contará con un plan de formación acorde con las actividades designadas, a disposición de los voluntarios.”*

Antes do inicio de cada actividade, os voluntarios recibiron as debidas explicacións, non precisándose de maior planificación pola súa simplicidade.

- D. *“Los voluntarios estarán asegurados.”*

As actividades de campo nas que participaron os voluntarios estiveron cubertas po-lo seguro da asociación colaboradora na actuación.